

CAMPAMENTO URBANO DE NADAL 2019

O Mundo das Cores

Resguardo para o/a pai/nai ou representante legal

CAMPAMENTO URBANO DE NADAL 2019:
O MUNDO DAS CORES

FÓRUM METROPOLITANO CENTRO ÁGORA

A/o nena/o

quedou inscrita/o no programa Campamento urbano de Nadal do 2019:
O mundo das cores.

Solicita ampliación do horario SI NON

A - 8.30 a 14.30h. B - 8.30 a 14.00h. C - 9.00 a 14.00h.

D - 9.00 a 14.30h. E - 10.00 a 14.30h.

ABONA , 00 €

A Coruña, de de 2019

(Selo do centro)

Protección de datos

Consonte ao RGPD (EU) 2016/679, do 27 de abril de 2016, e a súa lexislación complementaria, cedo os datos persoais recollidos nesta inscrición para que sexan incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de A Coruña. Respecto deles, poderei exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación, nos termos previstos na citada lexislación, dirixíndome por escrito, no rexistro xeral do Concello de A Coruña.

A estes datos terá acceso Serviplus total S.L., como empresa adxudicataria do servizo, así como os seus traballadores/as vencellados a esta actividade e serán tratados de forma confidencial.

CAMPAMENTO URBANO DE NADAL 2019

O Mundo das Cores

Durante este campamento de Nadal encheremos os nosos días coas cores que iluminan e alegran o noso planeta e que fan del un fermoso arco da vella cheo de enerxía e ledicia. Será un campamento moi colorido e cheo de diversión no que viaxaremos polo fabuloso mundo das cores para ir pintando con elas as diferentes actividades e xogos.

Ademais de guiarnos pola diversión e o xogo, as cores servirannos como fío condutor para desenvolver as emocións, valorar a diversidade, fomentar a igualdade e a multiculturalidade, ... Desta maneira, a través do abano de innumerables cores visualizaremos a idea de que todas as persoas somos diferentes e diversas e iso é o que enriquece a nosa comunidade e a nosa cidade.

LUGARES E DATAS

No Fórum Metropolitano e no Centro Ágora.

Os días 23, 26, 27 e 30 de decembro do 2019 e 2, 3 e 7 de xaneiro do 2020.

PARTICIPANTES

Nenas e nenos nadas/os entre 2007 e 2015, agrupados por idades.

Número de prazas por centro: 110 nenos/os, distribuídos en 6 grupos por idades.

Reservarase o 5% das prazas para solicitantes con diversidade funcional en grao que lles permita participar nas actividades motrices co grupo. Non se acometerán tarefas que requiran funcións médicas ou hixiénico-sanitarias.

No caso de que haxa maior demanda deste tipo de prazas, valorarase individualmente a cada unha das solicitudes.

HORARIO

De 10.00 a 14.00 h.

Haberá unha pausa de 11.45 a 12.00 h, para comer a merenda que cada participante traerá da súa casa.

Coa posibilidade de ampliación horaria para a conciliación familiar:

- Opción A: 8:30 a 10:00 e de 14:00 a 14:30 h.
- Opción B: 8:30 a 10:00 h.
- Opción C: 9:00 a 10:00 h.
- Opción D: 9:00 a 10:00 e de 14:00 a 14:30 h.
- Opción E: 14:00 a 14:30 h.

COTA

Só campamento: 35,00 €

Para as opcións con ampliación horaria:

- Opción A: 45,00 €
- Opción B: 42,50 €
- Opción C: 40,00 €
- Opción D: 42,50 €
- Opción E: 38,00 €

INSCRICIÓN

A partir do 2 de decembro, até cubrir as prazas

Na conserxaría do Fórum Metropolitano ou do Ágora; en horario de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 h. É obrigatorio facer a inscrición no centro no que se desexa realizar o campamento.

Admitiranse 3 fichas por persoa; excepto no caso de ser irmáns, no que se recollerán as fichas de todos eles.

ADXUDICACIÓN

Por rigorosa orde de inscrición, até cubrir as prazas de cada centro: o 50% (55 prazas) en horario de mañá e 50% das prazas restantes (55) en horario de tarde.

REUNIÓN INFORMATIVA

Ao chegaren o primeiro día haberá unha reunión informativa, duns 15 minutos, coas familias, co obxectivo de garantir o bo funcionamento do campamento e resolver dúbidas.

Nela abordaranse cuestións relacionadas coa súa organización: puntualidade na chegada e na recollida da/do nena/o, respecto aos educadores/as a aos/as compañeiros/as, cumprimento das instrucións dadas polos/as educadores/as, coidado no uso do material e das instalacións, entre outras.